

A tecelá en outono

Saber de nós

Etiquetas: Marica Campo, A tecelá en outono, Prisciliano

08/04/2011 - Marica Campo

ADOITA DICIR unha miña amiga que a nosa idade non é a que figura no carné, senón a de toda a historia que nos precede, tanto a familiar como a da colectividade á que pertencemos. Isto seméllame unha gran verdade, mais hai que matizar, como tamén matiza ela cando fai esta afirmación. Porque sucede que moita xente non mostra curiosidade polo pasado, como se o que fica atrás non tivese a máis mínima influencia sobre as nosas vidas ou fose unha rémora. Así apenas tomamos posesión desa herdanza. A min isto seméllame tan suicida como botar pola borda, para navegar con máis velocidade, as provisións coas que contamos para unha longa travesía. Non todo o que pesa é lastre.

Deixando á parte a historia familiar, que en todo caso dependerá en boa parte da vontade que tivesen ou teñan en nola transmitir os nosos maiores, cada vez é máis doado coñecer os acontecementos que marcaron o devir do noso país. Agora hai estudos de gran rigor científico que nos permiten aproximarnos á verdade do que foi.

Por exemplo Prisciliano. Este personaxe, considerado herexe e decapitado en Tréveris o ano 385, deixou unha fonda pegada na cultura galega. Así o entenderon Otero Pedraio, Castelao, Portela Valladares e, xa máis perto de nós, Méndez Ferrín, Daniel Cortezón, que o fixo protagonista dunha obra de teatro, e Ramón Chao, que escribiu unha biografía con moitos elementos ficticios e de lectura amena. Punto e á parte constitúen as obras ‘Prisciliano: profeta contra o poder’ de Xosé Chao Rego e ‘Prisciliano na cultura galega’, do ensaísta e teólogo Victorino Pérez Prieto, editada por Galaxia en 2010. Referireime a esta última por ser a de máis recente publicación e por incidir, sobre todo, na pegada do priscilianismo na nosa terra. Por ela podemos saber do florecemento da nosa cultura no século IV, xunto con outras figuras de grande relevo, como a monxa Exeria, autora do ‘Itinerarium’, un libro de viaxes en que esta dá conta da súa peregrinación a Terra Santa. Ou Paulo Orosio, que rebateu as doutrinas do mártir de Tréveris. Precisamente, segundo o autor do libro, é a reacción ao priscilianismo, quer a favor, quer en contra, a que propicia o nacemento dunha cultura galega.

Enténdese, despois da lectura de Pérez Prieto, que Castelao o incluíse na súa ‘Alba de Gloria’, naquela Santa Compañía de inmortais galegos, con Rosalía de Castro ou os trobadores medievais, co mestre Mateo ou os escultores Moure e Ferreiro, co Padre Sarmiento ou o Padre Feixoo, por citarmos só algúns dos que o autor rianxeiro reconece como artífices de Galiza. É de xustiza porque Prisciliano quería un cristianismo identificado coa terra galega, coa súa natureza e cos galegos, como explica o autor do libro.

Vimos, pois, tamén, de Prisciliano, o heresiarca, o rebelde. Seguramente hoxe o entenderían mellor e, desde logo, non lle cortarían a cabeza.